Armando Requeixo

HORIZONTES DE TENRURA



A poesía é sempre necesaria. Velaí a convicción fonda que alimenta cada palabra das escritas por Antonio García Teijeiro. Un autor que nestes últimos meses viu publicados diversos volumes líricos que cobren dende o lectorado máis noviño (non cómpre máis que recordar a oportuna reedición dos seus "Aloumiños" e "Coplas" na renovada colección Tartaruga da Editorial Galaxia), ata os lectores algo máis medrados (así as "Bolboretas de papel" que Tambre-Edelvives presenta para lectores de oito anos en diante), e que tamén se proxecta alén das nosas fronteiras con títulos como "Estelas de versos" (poemario en castelán coescrito con Rafael Cruz-Contarini, merecedor do prestixioso Certamen de Poesía Infantil Luna de Aire) ou "El río va recitando" (imprentado pola cubana Editorial Gente Nueva).

Porén, a máis recente publicación do autor vigués é o libro de versos para todas as idades "As palabras están a mirarse arredor da mesa", aparecido na coidada colección Punto de Encontro da editorial Everest Galicia, que con tanto acerto coordina Irene Penas Murias.

Ilustrado admirablemente por Xosé Cobas, este poemario afonda nas liñas creativas que o de Vigo deixara abertas en títulos anteriores. O fluír inexorable do Tempo, a loita pola vida e a esperanza que nos alenta e, sobre todo, o Amor e a reflexión sobre o propio proceso de creación son os temas principais dunha obra madurecida que nos amosa a un García Teijeiro en plenitude.



Os versos que poboan estas páxinas abundan en declaracións de amor entregue. A vida neles só se comprende coa complicidade do ser amado, sempre presto á mirada acolledora, á man que axuda a sosterse, ao recoñecemento do camiñar conxunto. Lonxe de truculencias e arrebatos, este é un amor plácido, omnicomprensivo, que semella fluír dende a propia ánima naturalizada e encarnada na proxección dun ti / eu superado que deixa paso a un nós reconfigurador de horizontes de tenrura.

Do mesmo xeito, tamén son numerosas as composicións nas que a verba e a figura do poeta son obxecto de atención. A palabra é concibida entón como salvagarda da memoria, razón de ser e espazo no que abeirarse ante as inclemencias da dura vida.

Talvez algúns treitos deste "As palabras están a mirarse arredor da mesa" –título que García Teijeiro toma prestado da poeta nicaraguana Gioconda Belli– adocen abondo coa presenza de princesas, pétalos de rosa, camelias, marfís e tenras fadas. Ora ben, eses puntuais excesos románticos vense sobradamente compensados por moitos outros poderosos versos, como estes cos que me presta hoxe rematar, na confianza de que han deixar no ánimo de quen os lea un agradable saibo que lles reclame máis:

Nótase no poema
que renxen os versos.
Comprende o poeta
que pesan as dúbidas
dos himnos
e que as capas invisibles do aire
afogan a tenrura.
Dóelle ao poeta
que medren as distancias
entre as palabras e as imaxes;
entre a miseria e a luz;
entre a mentira e a memoria.
A ferruxe cobre a folla do papel.
(O poeta cala)

LIBROS



En su encomiable labor de reedición de grandes clásicos de la literatura universal continúa Navona, que ha hecho del norteamericano Jack London uno de sus escritores predilectos, como prueba el hecho de que ya ha publicado tres obras suyas. Una de ellas es "Los mejores cuentos de los Mares del Sur", texto que se podría emparentar, por oposición en algunos aspectos o por continuismo en otros, con "Los mejores cuentos del Gran Norte". En ambos se recogen relatos –en los que lo autobiográfico está en un porcentaje elevadísimo– que el autor escribió a su regreso de las que serían dos grandes expediciones de su vida: la que le llevó, siendo joven y en vías de hacerse escritor, a Alaska durante la catárquica fiebre de oro y la que lo transportó por aguas meridionales convertido ya en un literato reconocido. En ambos, como tan bien explica Vicente Campos en el esclarecedor prólogo, está el magisterio de London, a pesar de la perspectiva tan diferente con que se puso a escribir los relatos: la naturaleza cruel que no perdona a un ser humano incapaz de dominarla y, por extensión, de dominarse a sí mismo a pesar de la heroicidad con la que, no siempre, enfrenta sus retos. Un clásico imprescindible.

LOS MEJORES CUENTOS DE LOS MARES DEL SUR
Jack London
Traducción de Inés Bértolo
Navona / 12,50 euros



Es bien sabido que el género epistolar no es sólo uno de los más valorados por los lectores sino también uno de los que más utilidad bioliteraria tienen para profesores e investigadores. En ocasiones permiten conocer tanto detalles de sus vidas privadas –que también interesan porque pueden cubrir lagunas que podrían explicar su obra– como de sus puntos de vista sobre las circunstancias. En el caso de esta "Correspondencia" a tres bandas entre Julio Cortázar, Carol Dunlop –su segunda mujer– y la traductora Silvia Monrós-Stojakovic que ahora publica Alpha Decay, es de utilidad por ambos motivos. El volumen recoge las misivas que todos se enviaron desde 1980 hasta 1983, poco antes de que el genial narrador argentino muriera y poco después de que lo hiciera su mujer. Gracias a esta recopilación de cartas inédita hasta la fecha, el lector podrá conocer de qué modo el autor de "Rayuela" y su mujer afrontaron el final y qué opinaba sobre temas de actualidad y sobre literatura. La editorial ha decidido mantener inalterable la prosa de los tres protagonistas –al escribirse en español tanto Dunlop como Monrós incurren en algún error– para permitir saborear una relación auténtica y dolorosa.

CORRESPONDENCIA
Julio Cortázar, Carol Dunlop y Silvia Monrós-Stojakovic
Alpha Decay / 12 euros